

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Tordoia

Regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Tordoia

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Tordoia celebrado o día 28 de febreiro de 2020 aprobouse o acordo que deseguido transcribo:

“4. Taboleiro de anuncios electrónico.-

Proposta da alcaldía

“Regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Tordoia.-

Antecedentes

Visto que por acordo plenario de data 24 de novembro de 2016, creouse a sede electrónica do Concello de Tordoia, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia é sede.concellodetordoia.gal.

Por todo isto, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deben publicarse no taboleiro de edictos municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica do Concello por razón do contido.

SEGUNDO.- O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

TERCEIRO.- O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello.

CUARTO.- O taboleiro de anuncios electrónico dispoñerá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

QUINTO.- O taboleiro de edictos electrónico estará dispoñible as 24 horas do día, todos os días do ano, a través da sede electrónica municipal. Cando por razóns técnicas prevéxase que o taboleiro de edictos electrónico pode non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios con antelación suficiente, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñibles.

SEXTO.- Naqueles casos en que a publicación na sede electrónica substitúa ao taboleiro de anuncios presencial facilitarase aos cidadáns a consulta na sede física do Concello, facilitándose aos cidadáns, nocalo de que o requiran, asesoramento para ese efecto.

SÉTIMO.- Remitir a presente proposta para a súa publicación no BOP da Coruña.

Con todo o Pleno aprobará o que estime conveniente.”

O señor alcalde explica a proposta formulada e propón este acordo por imperativo legal

Polo que queda aproba a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.”

Tordoia, 9 de xuño de 2020

O Alcalde

E. Antonio Pereiro Liñares